

COMPARSA "ROUBIN DE CORAZÓNS-OS CSC CONVÉRTENSE EN LADROEIRAS":

O vindeiro martes 13 de febreiro a Rede de Centros Socioculturais de Santiago, sairá, un ano máis, a correr o Entroido, animando a participación a todos aqueles que o desexen.

Este ano ademais de saír disfrazados na comparsa do martes de Entroido vos propoñemos unha "Quedada do Botín" que será o sábado 17 na que faremos, co mesmo disface, un percorrido pola cidade, para xuntarnos na praza da Quintana para pasar unha tarde de xogos.

Este ano o disface escollido é de "ROUBIN DE CORAZÓNS onde os CSC se converten en ladroeiras", con esta expresión de tenrura e de agrado queremos reunir as moitas e boas persoas usuarias dos CSC (Roubins) para atraer e facernos cos sentimentos e cariño do resto da veciñanza. Compartir é a nosa premisa.

Consistiría en disfrazarnos de cacos, pero duns cacos moi especiais que a través das diferentes cores dos corazóns facemos visibles os tipos de amor para amosalos e repartilos entre todos.

Roubin de corazóns é un disface que pretende concienciar dos valores positivos que nos inspiran as personaxes de conto. Seríamos unha mestura entre un Robin Hood e un *caco* que se dedica a recoller e repartir os diferentes tipos de amor e repartilos e amosalos a toda a cidadanía.

Gustaríanos contar coa vosa participación, e que vos implicarades tanto na realización do disface como na participación das distintas propostas. Para inscribirse é necesario ter cuberta e entregada a ficha de inscrición CCO02. (Deberedes indicar que vos anotades á COMPARSA e/ou á QUEDADA DO BOTÍN)

Os menores de idade, aínda que veñan acompañados dun maior responsable, terán que traer cuberta a ficha de inscrición. A data límite para participar nos obradoiros de elaboración do disface é o 6 de febreiro, a partir deste día, se queres participar terás que facer o disface na casa!

Para a comparsa organizada polo Concello o martes 13, teremos que estar na Av. De Ferrol sobre as 16.30, xa disfrazados. Ao rematar a comparsa deberedes recoller aos participantes menores de idade na rúa Juan Carlos I, na esquina de entrada no campus, non esquezades avisar ao animador ou animadora de referencia antes de levar ao neno ou nena.

Para a quedada do sábado 17 cada CSC sairá dun punto. Do lugar e hora da quedada xa vos informamos máis adiante xa que vai depender da participación.

Tanto para a comparsa como para a quedada, debes traer pantalón negro e parte de arriba negra. Traede roupa que sexa de abrigo xa que pode facer frío.

Si por algún motivo despois de todo non puideras participar, gustaríanos que nos avisarades canto antes.

PARA A ELABORACIÓN DO DISFRACE:

Organizaranse unhas sesións para realizar o disface e os seus complementos en cada CSC participante nesta temática, consulta no CSC os días e horas.

O disface consiste:

- Vestidos cun pantalón e cunha camiseta/sudadera/cazadora... de cor negro.
- Máscara de feltro da cor que elixamos, facendo visible, a través das cores os distintos tipos de amor que existen.
- Un corazón de feltro recheo de broche, da cor que queiramos.
- Bolsas dos CSC decoradas con corazóns.
- Cubre botas tamén da mesma cor que a máscara. Este elemento sería desexable pero non obrigatorio debido ao pouco tempo co que contamos.

Tamén podemos levar:

- Guantes e gorro
- Lanterna
- Corazóns xigantes como o coxín de IKEA
- Levar globos con corazóns
- Tocados con diademas de corazóns
- Lanza confeti/corazóns, tendo coidado con que sexan biodegradables.
- Caza bolboretas para cazar corazóns....
- Tambores/trompetas... para facer ruído
- Arco con frechas coa punta de corazón

MATERIAIS:

Por conta dos usuarios:

- Todos os complementos que queirades levar que vaian acorde co disfrace.
- Recheo para os corazóns.
- Algún material/elemento específico que se decida nalgún CSC.

Nas actividades dos CSC elaboramos: (non fai falla que traías este material)

- As máscaras, cubre botas e corazóns de feltro.
- Adornos para a bolsa.

MODELOS E PLANTILLAS: Estarán dispoñibles en cada CSC

ADEMAIS PODES PARTICIPAR NO CONCURSO DE DISFRACE NA REDE:

Dúas categorías:

- Mellor disfrace familiar
- Mellor disfrace infantil

As persoas participantes deberán enviar a ficha de inscrición no concurso CC002 e as fotos ao correo ccpreinscricions@santiagodecompostela.gal engadindo no asunto **concurso comparsa na rede**. No corpo do correo deben poñer a categoría á que se presentan, nome e apelidos da persoa ou persoas participantes e un teléfono de contacto.

As imaxes serán publicadas na páxina de Facebook e no Instagram da **rede de centros socioculturais** co cancelo **#NoEntroidoPretodeTI #CentrosSocioculturaisPretodeTI**

A dinámica do concurso é moi sinxela. Elixirase mellor disfrace ao que leve máis “me gusta” “me encanta” na fotografía que estará colgada nas páxinas Facebook e Instagram da rede de centros socioculturais.

A temática do disfrace será libre. Haberá algunha sorpresinha para as persoas gañadoras.

Enchamos as redes de cor e diversión!!

Importante: **Enviar foto do 10 ao 17 de febreiro**
Data límite para votar martes 21 de febreiro ata ás 23.59 h